

## Unha reunión coa empresa... pero na Inspección de Traballo

## Unha reunión coa empresa... pero na Inspección de Traballo



[1]

03/12/09.

A pesares da nosa insistencia na necesidade de levar a cabo unha xuntanza coa empresa para tratar temas de vital importancia para as plantillas de Santiago e A Coruña( calendario anual de 2010 ou o exceso de xornada deste ano que remata) ésta so foi quen de presentarse a requerimento da Inspección de Traballo.

Pedíuselles explicacións polos erros que seguen a aparecer nas vidas laborais dalgunhas compañeiras e que a día de hoxe están sen resolver, como por exemplo cotizar a media xornada cando realmente se están a facer 30 horas á semana. Por este motivo é importante que todas as persoas que traballaron na tenda, ou que están a traballar e aceptaron ampliacións, revisen as súas vidas laborais e en caso de detectar algunha anomalía, se poñan en contacto coas delegadas para ésta sexa subsanada de contado.

Por outra banda, a Inspección puxo unha data límite para a realización do curso de prevención de riscos laborais, finais de novembro. Xa se levaron a cabo nas dúas tendas, aínda que unha compañeira da Coruña non pudo asistir porque a empresa optou por non contratar a ninguén para cubrir o seu turno, e tampouco estaban dispostos a facelo dous días (disque lles saía moi caro).

O punto que levantou máis polémica foi a reiterada negación por parte da responsable de zona dos días de asuntos propios e de horas a recuperar. Como reflexa o convenio, temos dous días que podemos solicitar cando precisemos deles. A empresa vai acotando datas nas que supostamente non se poden pedir como, por exemplo, o mes de decembro. Chegados a este punto, a Inspección lles recorda que é un dereito que temos @s traballador@s, así queda recollido na acta.

E xa para rematar, tamén se lle recorda á empresa a imposibilidade de facer cambios nos horarios sen contar co consentimento da persoa afectada. Este feito foi tentado en varias ocasións por parte da responsable da tenda de Santiago ata que nos vimos na obriga de presentar unha denuncia na Inspección para que desistira.

### Ligazóns:

[1] <http://www.cigservizos.org/imaxe/12.2009/actainspeccion1jpg>

